

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 18 DE
NOVEMBRO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/6219, o día 15 de novembro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Á vista de que as sesións do Pleno da Corporación deben ser públicas, conforme co previsto no artigo 70.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, as sesións da Xunta de Goberno Local que adopten decisións relativas a atribucións delegadas polo Pleno tamén deben ser públicas, razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo señor alcalde de Cambre se adopten as medidas necesarias para a convocatoria pública, con antelación de polo menos dous días, daquelas sesións das xuntas de goberno que inclúan asuntos propios do Pleno que foron delegados na Xunta de Goberno.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo e di que non constan delegacións do Pleno na Xunta de Goberno Local.

2º O artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece, entre outros extremos, que: *“As administracións públicas deben publicar e manter actualizadas no portal web, para efectos informativos, as relacións de procedementos da súa competencia, con indicación dos prazos máximos de duración destes, así como dos efectos que produza o silencio administrativo.”*

De conformidade co anterior, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que se dea cumprimento no noso concello ao dito mandato legislativo.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo e di que se está traballando nisto coa nova web municipal.

Rogo oral presentado por EU | Son en Común

Único. Dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e integrante do Grupo Mixto, presenta rogo oral relativo á entrada, ou non, das propostas dos grupos no orzamento municipal, e que prazos se manexan tanto para as peticións dos grupos como da veciñanza.

O señor alcalde di que se acepta o rogo e que se contestarán todas por escrito, que agarda que para a vindeira semana queden todas respondidas e que unha das peticións do seu grupo será incorporada ao orzamento.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6219, o día 15 de novembro de 2021, xunto cos rogos e co resto de preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª e 2ª Á vista da eliminación polas entidades financeiras Abanca e Banco Santander do único caixeiro automático existente na urbanización A Barcala e do desmantelamento da sucursal existente no Temple, respectivamente, desde o Grupo Municipal Popular reiteramos en xullo, setembro e outubro a nosa petición ao alcalde de Cambre para que realizara as xestións necesarias para que por ambas entidades bancarias se rehabilite a prestación dun adecuado servizo aos veciños da urbanización A Barcala e da parroquia do Temple, e por extensión a todos os veciños do municipio de Cambre.

Á vista do tempo transcorrido desde o Grupo Municipal Popular preguntamos por:

- Que xestións e realizaron no último mes?
- Resultado das ditas xestións

O señor alcalde contesta que con data de 2 de novembro actual se lles remitiu mail a todos os grupos informando como está este tema.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se non houbo nada máis dende esa data, ao que o señor alcalde contéstalle que non.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/6219, o día 15 de novembro de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º A pesar da contestación dada no pleno ordinario do pasado mes de outubro, o parque infantil da Casa das Palmeiras no Temple, aínda está pechado e inoperativo e como se observa nas fotografías que se achegan, atópase valado e cun pavimento amortiguador que, a día de hoxe, só amosa grava, o que fai dubidar de que se atope rematado como se nos explicou.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que, tras informar cal é o motivo do atraso na apertura, se realicen as actuacións e trámites pendentes para axilizar a súa apertura á maior brevidade posible.

O señor alcalde di que contestará por escrito dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá.

2º Tras as explicacións dadas polo concelleiro de Patrimonio respecto do adecuado mantemento e conservación do camiño de baixada ao campo de fútbol e ao río en Peiraio, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, o deplorable estado no que se atopa este, non permite agardar a outros exercicios para o seu arranxo, sen asumir o risco que hoxe en día supón para o tránsito de vehículos e persoas.

Estado que puideron comprobar in situ os servizos técnicos municipais cando acudiron ao campo de fútbol ou se levou a cabo a roza solicitada.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que por razóns de prudencia e salvagarda da seguridade viaria, se realicen canto antes, tarefas de mellora no mantemento do dito camiño que, aínda que provisionais permitan un tránsito minimamente seguro á espera dunha mellora definitiva.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos Servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta que en que prazo, ao que don Ramón Boga Moscoso contesta que en canto poida a brigada de obras.

A continuación, don Juan María Abalo Castex agradece a boa execución nas tarefas de roza, pero di que o estado deste camiño é moi malo.

O señor alcalde conclúe dicindo que se arranxará tan pronto como se poida.

3º Á vista das queixas veciñais e dos procedementos administrativos abertos desde a Concellería de Urbanismo e Obras como consecuencia das obras que se están levando a cabo desde principios deste ano nun terreo privado do lugar de Aián, inmovle con referencia catastral 1226511NH5912N000TL, os problemas advertidos polos veciños seguen subsistindo, co evidente risco de novas inundacións aínda sen solucionar, mentres se refire que se seguen a realizar obras no interior do terreo pese á incoación de polo menos dous expedientes administrativos pola Concellería de Urbanismo.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que, por parte do concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas de futuras inundacións, así como a inspeccionar as obras que se están levando a cabo no dito terreo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, non recolle o rogo porque se están tramitando estas cuestións. Engade que don Juan María Abalo Castex debería sabelo pois ten comparecido no expediente.

Continúa a dicir que hai unha canalización, un regato polas parcelas e que posiblemente isto acabe en Augas de Galicia, que cuestión distinta é se a capacidade do tubo é necesaria ou non pero que están estudando este tema.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que non está chovendo pero que, en canto o faga, pode supoñer un problema e que lle preocupa que por problemas de competencias entre administracións quede “a casa sen barrer”, porque o risco existe.

Don Juan González Leirós contesta que o primeiro que ten que facer é ver se isto é certo, non quedarse soamente coa visión dun propietario pois comprobouse que as augas van por onde ían pero canalizadas, que non se desviaron, que está comprobado, que antes se diluían e agora concéntranse nun punto, que o propietario di que saen a 15 metros do punto de recollida pero que igual antes tamén pasaba, que hai un problema entre dous propietarios polo que as Administracións deben ser precavidas e que as augas van por onde ían.

Don Juan María Abalo Castex di que o problema de encharcamento existe.

O señor alcalde di que xa se denunciou este tema en Augas de Galicia, que el non quere meterse para que non digan que lle está arranxando un problema ao seu tío e que falen con dito organismo para que resolvan este asunto.

Dona María Jesús González Roel, do PP, di que se fixo o recheo dos terreos con máis de dous metros de entullo.

O señor alcalde contesta que as situadas máis abaixo tamén están enchidas.

Don Juan María Abalo Castex di que igual non é competencia de Augas de Galicia, ao que o señor alcalde replica que que contesten igualmente.

Don Juan González Leirós engade que os dous señores presentaron escritos, pero non quere dicir que sexan interesados no procedemento, que o inspector de obras fala de corenta centímetros de recheo, e que el lle cre, e que se está na actuación.

Don Juan María Abalo Castex di que o que non poden dicir é que contestaron porque hai un informe dende abril e non se fixo nada.

Don Juan González Leirós contesta que hai dous expedientes disciplinarios.

Don Juan María Abalo Castex di que non se pode negar a existencia deste problema para os veciños.

Don Juan González Leirós conclúe dicindo que están no mesmo.

4º e 5º Ante as obras que se están levando a cabo nun terreo particular no lugar de Samosteiro, inmovible identificado coa referencia catastral 3234501NH5933N0001JX, e as queixas veciñais existentes, desde o

Grupo Municipal Popular se interesa:

- Que se dea traslado, de forma inmediata, a este Grupo Municipal Popular, da copia completa, ordenada, foliada e debidamente dilixenciada de todos os expedientes administrativos existentes no noso concello con ocasión das obras que se están levando a cabo no dito inmovible, traslado que xa foi solicitado por este grupo municipal a través de tres escritos aos que debe darse cumprimento conforme coa normativa vixente.
- Se lle dea traslado, así mesmo, a este Grupo Municipal Popular da solicitude de informe e do informe que debe ter sido remitido desde a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia ao noso concello como consecuencia das obras que se están realizando no dito terreo.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras non acepta o rogo. Dille que comparezan e que terán toda a información, tal e como se indica no informe xurídico emitido.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que non aceptan que non se entregue información por escrito, que os concelleiros teñen dereito sen máis, sen necesidade de comparecer, igual que se lles entregaba a vostedes “ipso facto” cando estaban na oposición.

O señor alcalde di que isto non era así, que non expediente do “Brincadeira” non se lles remitiu expediente completo, que non foi inmediato.

Dona María José García Hidalgo, de C’s, di que existen moitas solicitudes sen contestar.

O señor alcalde di que mantivo unha reunión con varios alcaldes e que todos teñen o mesmo problema, a falta de persoal.

Dona María José García Hidalgo di que para algo moi extenso pode entendelo pero que cando se solicita algo concreto, dicir que é pola falta de persoal choca un pouco.

O señor alcalde di que a reunión que mantivo con distintos alcaldes foi convocada pola FEGAMP a instancia do alcalde de Ames para que os concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes fagan un fronte común para atender as súas necesidades.

Rogo de C’s presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/6203, o día 15 de novembro de 2021.

Único. Os diferentes tipos de badenes instalados con obxecto de reducir a velocidade dos vehículos han de estar debidamente sinalizados en estradas e travesías urbanas.

Co obxectivo de evitar accidentes, veciños de Cambre trasladáronnos que consideran necesario tamén a sinalización vertical destes redutores de velocidade noutras vías do noso municipio como as que se mostran nas fotografías.

Por iso rogamos se estude a posibilidade da instalación de sinalización vertical en todas as vías municipais en xeral con redutores de velocidade.

Contestará por escrito a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, dona Elisa Pestonit Barreiros.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6219, o día 15 de novembro de 2021, xunto cos rogos e co resto de preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª A principios do presente mes de novembro, produciuse o incendio dun vehículo estacionado na rúa en plena urbanización da Barcala, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente en materia de Seguridade Cidadá cal foi o motivo ou motivos que produciron o incendio, conforme coas investigacións levadas a cabo pola Policía Local de Cambre.

Contestará por escrito a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, dona Elisa Pestonit Barreiros.

2ª Veciños da urbanización A Barcala e da Tapia no Temple amósannos as súas queixas sobre a inseguridade cidadá que aseguran se ten incrementado nos últimos meses nos ditos lugares do noso municipio.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte á concelleira competente en materia de Seguridade Cidadá polo incremento da inseguridade nos ditos lugares do noso municipio.

O señor alcalde contesta que non existe un incremento da inseguridade cidadá, que hai o de sempre, non un incremento, e di que lles pasará os datos que o abalan.

3ª Nas comisións informativas dos últimos meses, desde o Grupo Municipal Popular reiteramos a necesidade de retirar da rúa Ramón Cabanillas do Temple un vehículo en mal estado que se atopaba estacionado en plena vía pública, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Nos últimos días, o dito vehículo xa non se atopa estacionado na dita vía pública, razón pola cal se pregunta á concelleira competente sobre tal extremo, e se a retirada o foi polos seus propietarios ou polos servizos municipais.

Contestará por escrito a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, dona Elisa Pestonit Barreiros.

4ª Tras o levantamento do estado de emerxencia sanitaria, e á vista das infraccións cometidas durante a súa vixencia, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta á concelleira competente en materia de Seguridade Cidadá que informe sobre o número de expedientes sancionadores incoados con referencia ás causas que motivaron a súa incoación e a súa terminación (multas impostas e pagadas).

Contestará por escrito a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, dona Elisa Pestonit Barreiros.

5ª Varias foron as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se ten interesado nos últimos meses polo lamentable estado no que se atopa a rúa Lourenço, un dos accesos máis transitados á capital municipal.

Ante a existencia de diversas intervencións de emerxencia acordadas polo noso concello, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se informe sobre o estado das ditas intervencións e os prazos previstos para a súa terminación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que o treito existente entre as vivendas quedará rematado na vindeira semana. Engade que polo camiño que discorre pola parte de abaixo preténdese realizar unha senda peonil ao carón da estrada ante a demanda veciñal.

6ª Téndose advertido a través dos nosos rogos escritos do pasado mes de outubro a existencia da rotura, na estrada AC-213, na Telva, Sigrás, nas inmediacións da rotonda situada xunto ao Mesón Vasco, dun pivote de sinalización vertical que, como se advirte na fotografía achegada, debido á súa situación e ao elevado tráfico que sofre esta vía, recomendaba a súa reparación ou substitución, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente cando se reparou e substituíu.

Contestará por escrito a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, dona Elisa Pestonit Barreiros.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/6219, o día 15 de novembro de 2021, xunto cos rogos e co resto de preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Á vista da petición efectuada nas comisións informativas do pasado mes de outubro respecto do calamitoso estado no que se atopaban as porterías do campo de fútbol de Peiraio, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase polas xestións levadas a cabo ao respecto no último mes.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que xa retiraron as porterías e agora falarán coa veciñanza para saber se queren que se volvan instalar ou non.

2ª Á vista da posta en marcha dun punto de información no Camiño de Santiago ao seu paso polo noso municipio, nutrido fundamentalmente por voluntarios, nunha gran porcentaxe mozos, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase sobre o balance de actuacións levadas a cabo desde este punto de información dende a súa apertura, ata o día de hoxe.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, di que o proxecto foi a creación dunha sede de voluntariado xuvenil e senior no Camiño Inglés ao seu paso por Cambre en época estival; e que a motivación do proxecto foi a inexistencia de puntos informativos no noso treito do Camiño e a falta de lugares onde selar a Compostela.

Engade que participaron 15 persoas voluntarias entre o 21 de xuño e o 24 de outubro, que foron formadas no fomento da conservación natural, ambiental e do patrimonio e que desenvolveron actividades relacionadas coa atención ao peregrino, información sobre o Camiño, percorrido, albergues, cuño de credenciais e, en xeral, asistencia ao peregrino, cuñándose un total de 559 credenciais durante o tempo que durou o programa.

Para concluír, di que os resultados máis importantes foron a formación de 15 persoas na acción voluntaria, ofreceuse unha alternativa de ocupación do tempo libre, creouse unha oficina de atención ao peregrino, cuñáronse 559 credencias e púxose en valor o Camiño Inglés ao seu paso por Cambre, coa participación de 5 persoas voluntarias maiores de 55 anos e 10 persoas voluntarias de entre 16 e 30 anos.

3ª Desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira de Cultura que criterios se están utilizando á hora de comprar material para as bibliotecas públicas dependentes do noso concello.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que o criterio habitual é adquirir novas publicacións de autores relevantes, galardoados ou moi demandados polos usuarios e usuarias das bibliotecas, procurando abarcar todos os xéneros literarios. A isto, sumouse completar os fondos dispoñibles en diferentes materias, ben porque se botaban en falta ou relacionados con cuestións de interese público e/ou actualidade.

Conclúe dicindo que se continúa traballando nesa liña, procurando abarcar todas as idades e sensibilidades, traducíndose en actuacións concretas como a revisión e actualización, completar coleccións e actualizar volumes.

| | |
|-----------------------|--|
| Pregunta de EU | Son en Común presentada de forma oral |
|-----------------------|--|

Dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, pregunta polas queixas presentadas xa por escrito respecto do local da terceira idade onde falta repoñer botellas de auga, etc.

Dona María Carmen Pan Lesta, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, contesta que xa están requiridos dende hai máis de un mes, pero estanse atrasando e descoñece o motivo. Engade que tamén pasou o técnico da calefacción.